

44 SEMANA DE CINE DE LUGO

DO 19 AO 24 DE SETEMBRO DE 2022



*María Casares vive desde hai cen anos.
Viva María Casares!*





EDITA:
FONMIÑÁ
Concepción Arenal, 63-entrecán
LUGO - Tfno: 982 243 719

IMPRIME: [Lucusprint](#)
Depósito Legal: LU 120-2022

TEXTOS E TRADUCIÓNS
CARMEN RODRÍGUEZ SOTO
ELENA IRAVEDRA RIVAS
CLARA GONZÁLEZ CUIREL

ANIMACIÓN
GRUPO DE TEATRO ACHÁDEGO

AUTOR DO CARTEL
SIRO LÓPEZ LORENZO (SIRO)

WEB, FACEBOOK, TWITTER,
INSTAGRAM, E OUTRAS REDES
GALICIIDIGITAL

AUDIOVISUAIS
A.D.V.M. Audiovisuales Media

PRODUCCIÓN E LOXÍSTICA
ALLETUM

SEDE SOCIAL E PRENSA
FONMIÑÁ

ORGANIZA
GRUPO FOTOCINEMATOGRAFICO FONMIÑÁ

PATROCINAN
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
CONCELLO DE LUGO - CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓN DA LINGUA

XUNTA DE GALICIA
AGADIC (AXENCIA GALEGA DAS
INDUSTRIAS CULTURAI)

COLABORAN
GALICIA CALIDADE
XACOBEO 2021-22
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA (CAMPUS DE LUGO)
TIC - SERVIZO DE AUDIOVISUAIS
(DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO)

GALICIIDIXITAL.COM
ACHÁDEGO TEATRO
GADIS
FESTHOME
CLICK FOR FESTIVALS
ALLETUM
A.D.V.M. AUDIOVISUAL MEDIA



44 SEMANA DE CINE DE LUGO

SEDES E SALAS

AUDITORIO "GUSTAVO FREIRE"
SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
VICERREITORADO DA UNIVERSIDADE
MIHL (MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO)
BIBLIOTECA PROVINCIAL DE LUGO
VELLO CÁRCERE

OUTRAS ACTIVIDADES

Os lugares e horas de celebración das distintas conferencias, debates cinematográficos e presentacións serán anunciadas a través da Oficina de Prensa a todos os medios informativos e redes sociais.

A MELLOR PELICULA da Sección Oficial (Auditorio), As curtas tamén son cine (Vicerreitorado) e Cine Galego (Vicerreitorado) serán elixidas polo público asistente a través das papeletas de votación que se entregarán a entrada de cada sala. O resto dos Premios serán otorgados polo Xurado de Fonmiñá.

A asistencia e presentación dalgunha das películas que participan na Semana de Cine por parte dos seus directores, equipo técnico ou artístico, estarán pendentes do momento laboral que poidan atopar nesas datas cada un deles.

PREZOS DAS ENTRADAS

Infantil (Auditorio).....	2,00 euros
Cines das Nacionalidades (Auditorio).....	3,00 euros
Sección Oficial (Auditorio).....	3,00 euros

A entrada nas distintas sedes será libre e de balde até completar o aforo e previa retirada da correspondente invitación na páxina que se indicará oportunamente, e sempre dacordo co protocolo sanitario que dicte nas datas de celebración da Semana de Cine.

COMITÉ ORGANIZADOR, PROGRAMACIÓN, SELECCIÓN, COMUNICACIÓN, GABINETE TÉCNICO E COORDINACIÓN

MANUEL CUIREL FERNÁNDEZ
JOSÉ MANUEL GUIASOLA ESCUDERO
XULIO XIZ RAMIL
EDUARDO RODRÍGUEZ OCHOA

Agradecementos:

FONMIÑÁ e a SEMANA DE CINE DE LUGO
queren agradecer a todas aquelas persoas,
entidades e firmas comerciais que colaboraron
dalgún xeito na súa organización e a todos os
produtores, distribuidores e directores que
presentan a súas películas na 44 edición.

COMITÉ DE HONRA

Sr. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA
Presidente da Xunta de Galicia
Sra. D^a. LARA MÉNDEZ LÓPEZ
Alcaldesa do Concello de Lugo
Sr. D. JOSÉ TOMÉ ROCA
Presidente da Deputación Provincial de Lugo
Sr. D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
Concelleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Sra. D^a. TAREIXA FERREIRO TALLÓN
Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua;
Vicepresidenta da Deputación Provincial de Lugo
e Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico
e Promoción da Lingua da Deputación Provincial
Sr. D. JACOBO SUTIL NESTA
Director da Axencia Galega de Industrias Culturais
Sr. D. XULIO XIZ RAMIL
Presidente do Grupo Fotocinematográfico "FONMIÑÁ"

www.semanadecine.delugo.info

www.fonmina.es

<https://www.facebook.com/semanacineautorlugo/>

fonmina@galiciadigital.com

secilug@gmail.com

Saúda da Concelleira

Tareixa Ferreiro Tallón

44 edicións da Semana de Cine de Autor de Lugo. Dise pronto pero é algo notable, increíblemente difícil de acadar e importantísimo para a nosa cidade e para todas aquelas persoas que amamos e desfrutamos do cinema. Non é doado ser quen de organizar unha Semana de Cine de autor, coa calidade da nosa, ano tras ano. Isto só pode facerse cando hai moito amor polo que un fai, termando do proxecto, pelexando cando veñen mal dadas e axudando a remar cando o vento vén a favor. Na nosa cidade temos a grandísima sorte de contar co Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, que co traballo incansable e altruísta de quen o conforma, conseguen achegarnos, cada ano, unha mostra do cinema máis interesante producido en todo o mundo durante ese ano. Isto, a nós, os que habitamos esta cidade, fainos un chisco máis ricos; en experiencias, en sensacións, en ilusións que nos producen ese carrusel de sentimentos que experimentamos grazas a esas obras de arte cinematográficas que con moito mimo dende Fonmiñá escollen para nós. A Semana de Cine de Autor tamén nos fai máis libres; podemos confrontar miradas, opinións, xeitos de contar e de ver a realidade, en definitiva, de ver o mundo de maneira diferente, e ao mesmo tempo fainos felices, moi felices. Durante esta semana, podemos escapar das nosas realidades e deixarnos embarcar nun galeón pirata, loitar contra o mal en todas as súas formas, compartir as visicitudes dunha familia dos Cárpatos, sentir unha enorme empatía polas persoas que habitan unha pequena vila pesqueira coreana ou especular con mun-



dos futuros, utópicos e distópicos, terroríficos ou esperanzadores. Esa é a maxia do cinema, esa capacidade de trasladarnos, de facernos coñecer e vivir mil vidas, de enchernos o corpo de sensacións e a cabeza de ideas novas e diferentes. O cinema refréscanos, cámbianos, actualízanos, fainos sentir máis vivos, e faino dunha maneira preciosa, case sen darnos conta, entreténdonos, meténdonos durante un par de horas nun oasis onde esquecer a realidade, onde vivir os problemas dos demais como propios, transformándonos e facendo de nós mellores persoas.

Este ano a Semana de Cine pon o foco en María Casares, unha galega que estivo exiliada en Francia por mor da Guerra Civil, e que aca-

bou por se converter nunha das máis grandes artistas do teatro e cinema francés da historia. É esta unha grande ocasión para recordala e reivindicala, para facer memoria e así conseguir que non se repita o odio, a ignorancia e a maldade. Que ante un novo ascenso do fascismo en Europa reflexionemos e actuemos para impedir que feitos tan viles se repitan. María Casares é un exemplo de como o cinema transcende fronteiras, transforma a vida das persoas e pode poñer o foco no que realmente importa. Ela vivirá por sempre, en nós, grazas ao cinema, e nós seguiremos desfrutando das súas e outras películas mentres sigamos con vida. Longa vida ao arte, ao cinema e, por suposto, á Semana de Cine de Autor de Lugo.

44SEMANADECINEDELUGO

INFANTIL 4

Auditorio Gustavo Freire, 18:00h.
LA ORQUESTA TERRESTRE
COCO EL PEQUEÑO DRAGÓN
CASCARRABIAS
EL REY BURRO
CLARA Y EL DRAGÓN MÁGICO

CINE DAS NACIONALIDADES 4

Auditorio Gustavo Freire, 20:00h.
LO QUE NUNCA TE DIJE PERO DEBIERA HABERTE DICHO
PLANTADOS
HOMBRE MUERTO NO SABE VIVIR
DUNA
EL PARQUE

SECCIÓN OFICIAL 5

Auditorio Gustavo Freire, 22:00h
PELÍCULAS
MENTES MARAVILLOSAS
UNA LIBRERÍA EN PARÍS
EL AMOR EN SU LUGAR
LOS INVENTADOS
QAZI
LA PAMPA
CURTAMETRAXES
GRACIAS
HOGAR DULCE HOGAR
DEEP SORIA
CANIBALES
WATANI

CINE DOCUMENTAL 6

Deputación Provincial, 18:00h.
ONCE UPON A PLACE
LAS CHICAS NO PIERDEN EL TREN
EL DROGAS
PEZ VOLADOR
AIMRA.TIERRA DE NADIE
AMANTES DEL CINE
PESSOAS
POR UNA VIDA MEJOR
LA PALABRA MALDITA
EL ÚLTIMO BASTIÓN

HOMENAXES 6

Deputación Provincial, 20:00h.
NACIÓN
UN BOCADO EXQUISITO
EL ACORAZADO POTEMKIN
EL BOSQUE DEL LOBO
LA MARINERA (A MARIÑEIRA)

CENTENARIO MARÍA CASARES 10

Biblioteca Provincial, 18:00h
LOS NIÑOS DEL PARAÍSO
ORFEO
LAS DAMAS DEL BOSQUE DE BOLONIA
EL PRISIONERO DE PARMA
LA LECTORA

CINE GALEGO (LONGAMETRAXES) 11

Vello Cárcere, 18:00h/20:00h.
LA LUZ DEL FARO
A VIRXEN ROXA
JULIA
BIENVENIDO MR. BANKSY
EXERIA, A PRIMEIRA PEREGRINA
DEVOLVENDO O GOLPE
ESCRIBIR LO IMPOSIBLE
VERDE, A COR DA SOIDADE

AS CURTAS TAMÉN SON CINE 12

Vicerreitorado da Universidade, 17:30h.
ACOUA
CHER PAPA
COMO CUALQUIER OTRO
COMO TÚ
DISONANCIAS
DUELO
EN EL SEGUNDO IZQUIERDA
LA REBELIÓN DE BERNARDA
GAS STATION
IMPOSIBLE DECIRTE ADIÓS
MI PRIMER DÍA CON 23
PARÁLISIS
PORAPPE
TINA "LA CUARTA VÍCTIMA"
TUK-TUK

¿ESTÁIS AHÍ?

PUNTO DE GIRO
SÓLO UNA MÁS
TOC
RE-ANIMAL
IDENTIBYE
BFFS
LA INQUILINA
LA CINTA
EL SECRETO
ANITA Y TODOS LOS NIÑOS MERECE UN FAMILIA
YVM
NUR Y ABIR
EMMA Y EL MUNDO
GLOBO
PLASTIC KILLER
LA CASA
LA BANYERA
MI CONDICIÓN
ESPINAS
NEGOCIADORA
MAÑANA VOLVERÉ

DEIXADE QUE O CINE... . 14

CINE GALEGO (CURTAS)... . 15

Vicerreitorado da Universidade, 19:30h.
CRISTALES. EL COLOR DE TU MIRADA
LIQUE

NO NOME DO AMOR

UMIA
DORES
AURA
O QUE QUEDA DE NÓS
TRES MARÍAS
NIDO
O NIÑO DOS PAXAROS
SALAMANDRA
O SON DA BALEA
ROMPENTE
DEVORADORA DE NENOS
ALGAS NEGRAS
JAKOBSLAND
UNHA ILLA NO MEDIO DO MAR
IRMAO
ELAS
AUGAS ABISAIS
ÁNGELES ALVARÍO
MÉRCORES DE CINZA
LA METAFÍSICA DEL ASESINO
A MARQUESIÑA
BARAFUNDA
¿QUIÉN ES GAEL?
EUCALIPTO UN ASESINO SILENCIOSO
A COMUNIÓN DA MIÑA PRIMA ANDREA
ANATOMÍA DUNHA SEREA
EL ASESINATO DE DR.SÁNCHEZ POR EL COBARDE HEIDI CHESTER
REFLEXIÓN DUNHA AVARICIOSA

XLIV SEMANA DE CINE DE LUGO



Pode parecer que afrontamos unha Semana máis, a corenta e catro, das que nos magníficos setembros que prometía a canción ("Cuando llegue septiembre, todo será maravilloso..."), enchemos de cine a cidade de Lugo e disfrutamos con todo o que conleva un acontecemento coma este, de xeito que cando remata cada edición esquecemos sinsabores, suspiramos satisfeitos e soñamos coa seguinte.

Vai ser esta unha Semana especial porque agardamos volver á normalidade que nos furtou a pandemia mundial que tantos dramas provocou. Unha especial Semana porque de novo agardamos poder acoller cos brazos abertos, sin limitacións, mascarías nin distancias, a pequenos e maiores, cinéfilos todos, abraídos pola maxia, alcucinados (pola luz), engaiolados (pola palabra) por esta arte que é a sétima cronoloxicamente pero pode ser a primeira polo envolvente, total, impacto.

Vai ser unha Semana Grande, á que non só invitamos a todos os lucenses a participar senón que tentamos provocar a necesidade espiritual (polo menos, sentimental) de que acudan ao cine a mergullarse en aventuras absorbentes nas que serán parte esencial.

Pero, sobre todo, vai ser unha Grande Semana se ti –permite a confianza cinefila/cinéfilo– nos acompañas participando nela.

Grazas, lucenses, sempre; por todos os anos que van, por este, e polos que veñan no futuro. O mérito é voso!.

Xulio Xiz,
Presidente de Fonmiñá

INFANTIL 18:00h. Auditorio Gustavo Freire

Martes, 20 / 18:00 h.

LA ORQUESTA TERRESTRE

España, 2022 - 74 min.
Director: Imanol Zinkunegi, Joseba Ponce
Guión: Harkaitz Cano, Eneko Olasagasti
Música: Joseba Ponce
Produtora: Lotura Films



Xoves, 22 / 18:00 h.

CASCARRABIAS

México, 2018 - 97 min.
Director: Andrés Couturier
Guión: Jim Hecht, Piers Clifton, Ricardo Hernández Durón, Alicia Núñez Puerto
Música: James Seymour Brett
Produtora: Coproducción México-Estados Unidos



Sábado, 24 / 18:00 h.

CLARA Y EL DRAGÓN MÁGICO

EE.UU., 2021 - 87 min.
Director: Oleksandr Klymenko



Mércores, 21 / 18:00 h.

COCO EL PEQUEÑO DRAGÓN


Alemaña, 2014 - 80 min.
Director: Hubert Weiland, Nina Wels
Guión: Mark Slater, Gabriele Walther
Música: Danny Chang, Stefan Maria Schneider
Produtora: Caligari Film und Fernsehproduktions, ZDF, U.F.A



Venres, 23 / 18:00 h.

EL REY BURRO

Pakistán, 2018 - 85 min.
Animación
Director: Aziz Jindani
Guión: Aziz Jindani, Kamran Khimani
Música: Shani Arshad, Shuja Haider, Majid Raza, Syed Asrar Shah
Produtora: Talisman Animations



CINE DAS NACIONALIDADES 20:00h. Auditorio Gustavo Freire

Martes, 20 / 20:00 h.

LO QUE NUNCA TE DIJE PERO DEBIERA HABERTE DICHO

España, 2022 - 71 min.
Director: Juanjo Castro
Reparto: Belén San Román, Antonio Cabello, Carolina Aller, Patricia Bertrand, Diogo Belizário
Guión e Fotografía: Juanjo Castro
Produtora: Juan José Castro Saez



Mércores, 21 / 20:00 h.

PLANTADOS

España, 2021 - 96 min.
Director: Yolanda Román, Manu Ochoa
Guión: Manu Ochoa
Música: Pablo P. García
Fotografía: Diego Nuevo
Reparto: Yolanda Román, Manu Ochoa, Gema de Medina, Cristina Medina, Emilio Linder, Gonza Ikaró, Mauro Muñiz de Urquiza, Valentín Paredes, Aitor Merino, Beatriz Rico, Soledad Rosales, Santi Senso, Paloma Guzmán, Jonai Rodríguez...
Produtora: The Other Side Films / Naif Films



Xoves, 22 / 20:00 h.

HOMBRE MUERTO NO SABE VIVIR

España, 2021 - 105 min.
Director: Ezekiel Montes
Guión: Ezekiel Montes
Música: Luis Hernaiz
Fotografía: Nemkoff
Reparto: Antonio Dechent, Rubén Ochandiano, Elena Martínez, Jesús Castro, Paco Tous, Nancho Novo, Manolo Caro, Juan Fernández, Juanma Lara, Manuel de Blas, Frederic Guillaume, Paul Lapidus
Produtora: Producciones Cinematográficas



Venres, 23 / 20:00 h.

DUNA

España, 2021 - 81 min.
Director: Dany Campos
Guión: Dany Campos, Alba Esquinas, Alberto S. Regatos
Música: Gonzalo Díaz Yerro
Fotografía: Mario Leclere
Reparto: Alvaro Cañaveras, Fernando Cornejo, Xabier Fonseca, Maty Gómez, Manu Hernández, Lidya López, Noe Montejo, Carmen Navacerrada, Elena Rayos, Carlos Seguí...
Produtora: Twin Freaks Studio S.C



Sábado, 24 / 20:00 h.

EL PARQUE

España, 2021 - 84 min.
Director: Rogelio Enriquez Soto
Reparto: Rogelio Enriquez, M^a Ángeles Rodríguez, Gora Sarr, Manuel Hernández, Rut Galera, Roge E. Bueno, Patricia Maldonado, Rocío García



SECCIÓN OFICIAL

22:00h. Auditorio Gustavo Freire

Luns, 19 / 22:00 h.

MENTES MARAVILLOSAS

Francia, 2021 - 92 min.
Director: Bernard Campan
Guión: Bernard Campan, Alexandre Jollien, Helene Gremillon
Música: Niklas Paschburg
Fotografía: Christophe Offenstein
Reparto: Bernard Campan, Maryline Canto, Laëtitia Eido, Alexandre Jollien, Tiphaine Daviot, Julie-Anne Roth, La Castou, Anne-Valérie Payet, Sofía Manousha, Marie Petiot, Maurice Auffer, Roméo Henchoz, Joachim Chappuis...
Produtora: Coproducción Francia-Suiza; Pan Européenne Production, France 3 Cinéma, Apollo Films, Les Productions JMH, ABS, Radio Télévision Suisse (RTS), SRG SSR Idée Suisse
 Louis dirixe unha funeraria. Solteiro empedernido, vive dedicado ao seu traballo. Por unha casualidade da vida, un día crúzase con Igor, un espírito agudo nun corpo discapacitado por mor dunha parálise cerebral. Igor reparte verduras ecolóxicas mentres pasa o seu tempo libre lendo a Sócrates, Nietzsche e Spinoza. Xuntos emprenderán unha viaxe no coche fúnebre de Louis para transportar o corpo da defunta Madeleine ao lugar onde debe ser enterrada. Neste percorrido salpicado de encontros, Louis e Igor irán conquistando a liberdade sobre a mirada dos demais.



Mércores, 21 / 22:00 h.

EL AMOR EN SU LUGAR

España, 2021 - 103 min.
Director: Rodrigo Cortés
Guión: Rodrigo Cortés, David Safier
Música: Victor Reyes
Fotografía: Rafael García
Reparto: Clara Rugaard, Ferdia Walsh-Peelo, Magnus Krepper, Freya Parks, Jack Roth, Henry Goodman, Dalit Street Tejada, Anastasia Hille, Valentina Bellé, Mark Davison
Produtora: Nostromo Pictures
 Xaneiro de 1942, 400.000 xudeus de toda Polonia levan máis dun ano confinados polos nazis nun estreito gueto en metade da cidade. Fóra do muro, a vida segue adiante. Dentro, os seus habitantes loitan por sobrevivir. Con todo, o alto muro de ladrillos non consegue parar a creación dun grupo de actores xudeus que, nunha xeadá noite invernal, interpreta unha comedia musical no teatro Muller. Os espectadores rín e emocionáanse ante unha historia de amor, esquecendo por un momento a súa difícil situación. Entre bambolinas, os actores enfróntanse a un dilema de vida ou morte ante a posibilidade de levar a cabo unha fuga despois da función.



Venres, 23 / 22:00 h.

QAZI

Alemaña, Pakistán, 2021 - 81 min.
Director: Anil Fastenau
Produtora: Jakob Gehrmann
Guión: Anil Fastenau, Jaswinder Singh, Jakob Gehrmann
Reparto: Clara Rugaard, Ferdia Walsh-Peelo, Magnus Krepper, Freya Parks, Jack Roth, Henry Goodman, Dalit Street Tejada, Anastasia Hille, Valentina Bellé, Mark Davison
Montaxe: Bernard Mescherowsky, Vanessa Wagner
Música: Dominik Schuster
Reparto: Anil Fastenau, Nargis Yaqoob, Amber Malik, Aneeq Shahid, Kleber Valim, Raymond Toh, Hermon Mengsteab, Sven Gey, Hanna Werth, Erwin Geisler, Leo Rupin, Taisiya Schumacher
 Qazi é a historia dun mozo refuxiado paquistaní que se ve obrigado polas circunstancias económicas e familiares a probar a súa sorte en Europa. Tras a súa chegada a Alemaña, solicita asilo, pero é rexeitado. Así acaba en Alemaña levando aos turistas pola cidade nun "rickshaw" de bicicleta e vendendo flores na rúa. As desgrazas nunca veñen soas, e Qazi decátase de que a súa nai necesita unha operación de ríl. A familia necesita diñeiro e Qazi, ao estar en Europa, debe conseguilo. Pero non sabe como facelo.



CURTAMETRAXES

Martes, 20 / 22:00 h.

GRACIAS

España, 2021-2 min.
Director: Tess Maserio Brioso
Reparto: Zaira Lara Moran, Alexandra Martin Fuste



Venres, 23 / 22:00 h.

CANÍBALES

España, 2021 - 5 min.
Director: Mikel Bustamante
Reparto: Itziar Ituño, María García de la Rosa Cornejo, Fernando Soto, Fernando Jimenez, Antonio Romero Cortes.



Chegaron ata aquí e agora terán que enfrontarse á última proba.

Mércores, 21 / 22:00 h.

HOGAR DULCE HOGAR

Arxentina, 2022-5 min.- Animación
Director: Rodrigo Canet
 En plena época de confinamento e restricións, un neno reflexiona sobre a súa liberdade e a dos seres que o rodean. (Baseado en feitos reais).



Sábado, 24 / 22:00 h.

WATANI



España, Inglaterra, 2020 - 3 min.
Director: Joan Paül
Reparto: Danny Darreu, Olivia Anastasiades, Stephanie Anastasiades
 Dúas nenas gozan dun baño co seu pai. Aquilo que coñecen como o seu 'fogar' xa non será o mesmo de agora en diante.

Martes, 20 / 22:00 h.

UNA LIBRERÍA EN PARÍS

Italia, 2021 - 89 min.
Director: Sergio Castellitto
Guión: Sergio Castellitto, Margaret Mazzantini. Guión original: Ettore Scola
Música: Arturo Anecchino
Fotografía: Italo Petriccione
Reparto: Sergio Castellitto, Bérénice Bejo, Matilda De Angelis, Clementino, Nassim Lyes, Sandra Milo, Alex Lutz
Produtora: Coproducción Italia-Francia-Estados Unidos; Rodeo Drive, RAI Cinema, Mon Voisin Productions, Tikun Production, Eurimages
 Vincenzo dedica todo o seu tempo aos seus dous amores: a librería que posúe en París e a súa filla Albertine. A súa vida está marcada por unha doce tranquilidade ata que un día irrompe na tenda Yolande, unha muller exuberante, excéntrica e divertida. Encantado pola súa enerxía e beleza, a Vincenzo florecerá de novo as emocións que leva demasiado tempo reprimindo e cuestionará a súa forma de afrontar a vida.



Xoves, 22 / 22:00 h.

LOS INVENTADOS

Arxentina, 2021 - 90 min
Director: Leo Basilico, Nicolás Longinotti, Pablo Rodríguez Pandolfi
Produtora: Alexis Trigo, Julia Francucci
Produtora la marmota.
Fotografía: Jonatan Plat
Directora de arte: Soledad Guerrero
Montaxe: Leo Basilico, Nicolás Longinotti, Pablo Rodríguez Pandolfi
Música: Leo Fucci
Reparto: Juan Grandinetti, Verónica Ge-rez, Rosina Fraschina, Sebastián Godoy, Gastón Dubini, Iván Moschner
 Lucas participa nun taller de fin de semana de actuación no que todo o mundo ten que finxir ser outra persoa. Cada día, un participante desaparece sen deixar rastro da súa existencia e Lucas parece ser o único que o nota. Terían unha asignación diferente? Podería tamén desaparecer misteriosamente?



Sábado, 24 / 22:00 h.

LA PAMPA

Perú, 2022 - 106 min.
Director: Dorian Fernández-Moris
Guión: Rogger Vergara Adrianzen, Dorian Fernández-Moris
Fotografía: Andrés Magallanes
Reparto: Fernando Bacilio, Mayella Lloclla, Óscar Carillo, Pamela Lloclla, Luz Pinedo, Gonzalo Molina, Antonieta Pari, Alain Salinas, Silvia Majo
Produtora: Coproducción Perú-España-Chile; Audiovisual Films
 Juan, un exfuncionario público, foxe da xustiza e da traxedia que o marcou para sempre. Raíña, unha adolescente, foxe dos abusos sexuais e morais que sufriu desde nena nos campamentos de explotación sexual da Pampa, un lugar controlado polas mafias mineiras de ouro. Unidos polo destino partirán en busca da familia de Raíña nun territorio da Amazonía peruana sen autoridade, arrasado polo crime e a cobiza.



Xoves, 22 / 22:00 h.

DEEP SORIA

España, 2021 - 5 min.
Director: Pedro Estepa Menendez
Reparto: Rocío Delgado, Marta Sanmandreu, Sonsoles Onega, Quique Peinado, Gloria Seira, J. Pelirrojo.
 Algo ocorre en Soria... Varias noticias sobre esta provincia están a chegar a todas partes compartidas a través de WhatsApp e das redes sociais. Recoñecidos xornalistas e youtubers informan sobre curiosos sucesos pero hai un que pode cambiar a realidade do noso país. Agora, a Zona 0 está en Soria.



CINE DOCUMENTAL

18:00h. Deputación Provincial

Luns, 19 / 18:00 h.

ONCE UPON A PLACE



España, Estados Unidos, 2019 - 73 min.
Directora: Celia Novis
Fotografía: Sergio Carmenforte

LAS CHICAS NO PIERDEN EL TREN



España, 2021 - 20 min.
Dirección: Paqui Méndez
Producción: Paqui Méndez
Guión: Paqui Méndez
Fotografía: Juanjo Company
Música: 'Audio Jungle': Envato Market

Martes, 20 / 18:00 h.

EL DROGAS



España, 2020 - 80 min.
Director: Nabxo Leuza
Guión: Nabxo Leuza, Alex García de Bikuña
Música: Mikel Salas
Fotografía: Iñaki Alforja
Reparto: Intervencions de: Enrique Villarreal 'El Drogas', Rosendo Mercado, Fito Cabrales, Christina Rosvinge, Carlos Tarque, Kubxi Romero, Gorka Urbizu, Javier Gallego, Mamen Irujo
Productora: Narm Films, Marmoka Films

PEZ VOLADOR



España, 2022 - 14 min.
Directora: Nayra Sanz Fuentes
Guión: Nayra Sanz Fuentes
Fotografía: Nayra Sanz Fuentes
Reparto: Documental
Productora: Rinoceronte Films

Miércoles, 21 / 18:00 h.

AIMRA.TIERRA DE NADIE



España, 2021 - 85 min.
Director: Pedro Pérez-Rosado
Reparto: Nhadira Mohamed, Mmena Mohamed, Aziza Brahim

AMANTES DEL CINE



España, 2021 - 15 min
Director: Pablo Floriano
Música: Alberto Torres
Fotografía: Victor M. Fuciños
 Rodado no Teatro Nuevo de Ciudad Rodrigo (Salamanca)

Xoves, 22 / 18:00 h.

PESSOAS



España, 2020 - 74 min.
Director: Arturo Dueñas
Guión: Arturo Dueñas
Música: Canción: Pedro Guerra
Fotografía: Almudena Sánchez
Reparto: Greta Fernández, Arturo Dueñas

Productora: La Esgueva Films

POR UNA VIDA MEJOR



España, 2021 - 28 min.
Directora: Laurie Stührenberg
Producción: Giovanni Maccelli
Guión: Laurie Stührenberg
Fotografía: Giovanni Maccelli

Edición: Giovanni Maccelli
Sonido: Ramón Rico
Reparto: Yaquelin, Adilia, Dorissell, Rocío, Zulma, Sandra, Carolina, Kenia

Venres, 23 / 18:00 h.

LA PALABRA MALDITA



España, 2021 - 80 min
Director: Javier Álvarez Solís
Reparto: Documental
Productora: Troppmedia

EL ÚLTIMO BASTIÓN



España, 2020 - 20 min.
Director: Martín D. Guevara
Guión: Martín D. Guevara, Juan Malcolm
Música: Álvaro Zambrano
Fotografía: Martín D. Guevara
Reparto: Documental
Productora: Bastión Films



ENTRADAS SEMANA DE CINE



Para poder asistir a calquera das proxeccións nas distintas salas da Semana de Cine de Lugo, deberan solicitar a correspondente invitación ou entrada a través da páxina web:

www.kadelika.com

Os socios de FONMIÑÁ farano na sede social, os días e horarios, que oportunamente lles será comunicado



HOMENAXES

20:00h. Deputación Provincial

Luns, 19 / 20:00 h.

HOMENAXE A MARGARITA LEDO ANDIÓN

NACIÓN



España, 2020 - 92 min.
Directora: Margarita Ledo
Guión: Margarita Ledo
Música: Mercedes Peón
Fotografía: Alberte Branco
Reparto: Nieves Pérez Lusquiños,

Manuela Nóvoa Pérez, Ester García Lorenzo, Carmen Portela Lusquiños, Carmen Álvarez Seoane, Mónica Camaño, Mónica de Nut, Laura Martínez Iglesias, Xoana Pintos, Eva Veiga
Productora: Nós Productora Cinematográfica Galega S.L

Martes, 20 / 20:00 h.

...E PARA COMER LUGO

UN BOCADO EXQUISITO



Dinamarca, 2021 - 104 min
Director: Christoffer Boe
Guión: Christoffer Boe, Tobias Lindholm
Música: Anthony Lledo, Mikkel Maltha
Fotografía: Manuel Alberto Claro

Reparto: Katrine Greis-Rosenthal, Nikolaj Coster-Waldau, Flora Augusta, Charlie Gustafsson, August Vinkel, Nicolas Bro, Maj-Britt Mathiesen, Kent Dahlgren, Rasmus Hammerich, Luise Skov, Luca Reichardt Ben Coker, Sofie Torp, Michael Brostrup...
Productora: Coproducción Dinamarca-Suecia; Zentropa

Miércoles, 21 / 20:00 h.

HOMENAXE A UCRANIA

EL ACORAZADO POTEMKIN



Unión Soviética (URSS), 1925 - 77 min.
Director: Sergei M. Eisenstein
Guión: Sergei M. Eisenstein, Nina Agadzhanova
Música: Edmund Meisel, Nikolai Kryukov,

Neil Tennant, Chris Lowe (Película muda)
Fotografía: Eduard Tissé, Vladimir Popov (B&W)
Reparto: Aleksandr Antonov, Vladimir Barsky, Grigori Aleksandrov, Mikhail Gomorov, Ivan Bobrov, Aleksandr Levshin, Konstantin Feldman
Productora: Goskino

Xoves, 22 / 20:00 h.

CENTENARIO JOSE LUIS LOPEZ VÁZQUEZ

EL BOSQUE DEL LOBO



España, 1070 - 87 min.
Director: Pedro Olea
Guión: Pedro Olea, Juan A. Porto
Música: Antonio Pérez Olea
Fotografía: Aurelio G. Larraya

Reparto: José Luis López Vázquez, Amparo Soler Leal, Antonio Casas, Nuria Torray, Alfredo Mayo, John Steiner, María Rivas, Modesto Blanch
Productora: Amboto PC

Venres, 23 / 20:00 h.

HOMENAXE A DARIO XOHAN CABANA

LA MARINERA (A MARINEIRA)



España, 2008 - 84 min.
Director: Antón Dobao
Guión: Antón Dobao, Xabier Cordal, Darío Xohán Cabana
Música: Manuel Riveiro
Fotografía: Suso Bello

Reparto: Camila Bossa, Monti Castiñeiras, Xulio Aboño, Jordi Banacolocha, Xosé Barato, Marc Cartes, Roger Casamajor, Antonio Durán, Xoel Fernández, Lucía Regueiro, María Vázquez, César Cambeiro, Mariana Carballal
Productora: Diagonal Televisión, Ficción Producciones, Televisión de Galicia (TVG)

Tempo de homenaxes

Xulio Xiz

Do 19 ao 24 de setembro de 2022 imos celebrar a edición XLIV da Semana de Cine de Lugo, mergullando a cidade nunha marea cinematográfica cunha morea de títulos para engaiolar e homenaxear aos devotos lucenses da sétima arte.

É, certamente, e así o concebimos, unha homenaxe a todos os que se senten atraídos, conmovidos, conquistados por unha arte-ciencia que cambiou o mundo, e cada lembranza a feitos e xentes, recoñecidas ou anónimas, que fixeron inmenso o mundo da imaxe, está vinculada a toda a sociedade, e a todos nos abrangue.

o escritor lucense Claudio Rodríguez Fer; e na de Margarita Ledo, ademais da homenaxeada, o alcalde do seu concello de Castro de Rei, Francisco Javier Balado; e nos dous casos o autor das caricaturas, Siro.

Ata este momento figuraban no lucense Paseo do Cine, Prudencia Grifell, Carmen Correa e Frank Braña, dos homenaxeados con anterioridade, e dos grandes actuais, Antonio Mourelos, Luis Tosar e Luis Iglesia. Coas incorporacións deste ano, serán catro mulleres e catro homes os honrados con esta especial distinción.

estableceu con todos os membros da organización unha especial relación de colaboración e amizade.

Exposición “María Casares”

Ademais da colocación da placa na súa honra no Paseo do Cine de Lugo, e a proxección de varias das súas películas, na Biblioteca Provincial, o Grupo Fonmiñá vai abrir a exposición “Centenario de María Casares”, sobre a vida e obra desta galega universal que se inaugurará o martes, 20, ás 17,30 h.

Con este motivo presentárase, e regalárase aos asistentes, o libro MARÍA CASARES, obra de Manuel Curiel Fernández, Director da Semana de Cine.

Así mesmo, nas pantallas da entrada desta institución exhibiranse ininterrompidamente as entrevistas que se conservan da actriz.

Especial atención á fotografía

Como é habitual nas Semanas de Cine de Lugo, ademais do esencial papel do cine préstase a debida atención á fotografía (orixe do cine), tendo en conta ademais de que se cumpren douscentos anos do nacemento desta arte-ciencia que revolucionou o mundo e se incorporou de xeito imparable á nosa vida.

Dous libros e unha homenaxe comprenden a programación desta XLIV Semana relacionada coa fotografía:

O luns, váise entregar a publicación “Fonmiñá, 1985-2021”, de Eduardo Rodríguez Ochoa, no que se fai historia de actividades relacionadas coa fotografía neste período na capital lucense. Recibirán cadanseu exemplar os asistentes ao descubrimento das placas no Paseo do Cine, á proxección de “Nación” na sala da Deputación Provincial, e ao acto inaugural no Auditorio Gustavo Freire.

O martes, ás 20,00 h., na Deputación Provincial, renderase homenaxe ao fotógrafo de Miguel Díaz Fernández (Foto Miguel), ás portas de cumprir 90 anos (Ribadeo, 1933), pioneiro na fotografía turística e aérea na costa lucense.

E o xoves, na Casa do Concello, presentárase o libro “LUGO A TRAVÉS DO TEMPO”, coordinado por Eduardo Rodríguez Ochoa, no que se recollen visións de onte e de hoxe da capital lucense, nun exercicio de memoria e imaxinación sobre a evolución urbana da cidade que enmarca a nosa vida.

E homenaxe á música...

Para comezar oficialmente a Semana, música a cargo da Banda da Semana, “Sons e soños” de Rábade-Begonte-Outeiro de Rei-Friol, que dirixe Armando Morales. Música especialmente relacionada co cine, fusión de artes en homenaxe á cultura que dará paso ao inicio das proxeccións desta Semana.

É esta unha serie ininterrompida de homenaxes que cristalizan en setembro, o noso tempo do cine, o tempo no que Lugo disfruta e vive o cine, nos que invitamos a participar a todos os lucenses.



María e Margarita

María Casares e Margarita Ledo Andión son as dúas persoeiras vencelladas ao cine e a Galicia, que entrarán a formar parte dos fitos do “Paseo do Cine”, no que placa a placa imos deixando plasmados en bronce recoñecementos feitos en vida ou en lembranza a galegos que son ou foron grandes para a súa terra e para a imaxe.

No caso da primeira, María Casares, é un caso de xustiza ao cumprirse cen anos do seu nacemento, reivindicándoa como galega senlleira que triunfou moi lonxe da súa terra conquistando coa imaxe e o son o respecto e a admiración de todos os que dela souberon. No caso de Margarita Ledo Andión, das terras lucenses de Castro de Rei, pola súa traxectoria literaria, docente, investigadora e cinematográfica.

Cadansúa placa que levan as caricaturas que lles fixo Siro López Lourenzo, Siro, o xenial debuxo-periodista galego (Se os periodistas que utilizan a fotografía son foto-periodistas, Siro, imposible de encaixar nunha determinada clasificación, debuxante e escritor, permítanos a inusual denominación) incorporáranse o luns, 19 de setembro, na xornada inaugural da Semana ás que lembran aos anteriores galardoados na Semana.

No descubrimento das placas, ás 18,00 h., ademais de representantes das institucións que promoven a Semana, agardamos que participen: No descubrimento da de María Casares,

Homenaxes de cine

Ese mesmo luns, ás 20,00 h., no salón da Deputación Provincial, váise proxectar “Nación”, a obra máis recente de Margarita Ledo Andión, con aforo limitado, e previa retirada da oportuna invitación.

Por outra parte, desde o martes, na Biblioteca provincial, ofrecerase un ciclo de películas protagonizadas por María Casares, comezando as proxeccións ás 18,00 h.

O mércores, na Deputación Provincial, ás 20,00 h., váise proxectar a xa mítica película “El acorazado Potemkin”. (Serguei Eisenstein, 1925-V.O. con subtítulos en castelán), que constitúe unha homenaxe ao pobo de Ucraína que sofre unha guerra despiadada, acreditando o repudio xeral pola situación creada.

E tamén na sala da Deputación Provincial, o xoves, ás 20,00 h., lembraremos a José Luis López Vázquez no seu centenario coa proxección da película rodada en terras da montaña lucense, “El bosque del lobo”.

E o venres, ás 20,00 h., na Deputación, renderase unha Homenaxe-lembranza a Darío Xohán Cabana proxectando a película “A mariñeira”, de Antón Dobao, sobre un relato de Darío. Participará neste acto este director lucense e a familia de Darío Xohán Cabana.

Esta primeira honra a Darío, con motivo da Semana de Cine de Lugo, Fonmiñá ofrécilla pola súa especial relación coas Semanas de Cine durante os anos nos que foi o responsable do Auditorio Gustavo Freire, no que

A escaleira bélica de Odessa

Juan Antonio Pinto Antón

Na escena de ‘O acorazado Potemkin’, daquel 22-I-1918 o carriño do bebé salta escaleiras abaixo entre chanzos e corpos. A nai está morta. Asasinada pola xeométrica máquina de matar dos pelotóns de soldados zaristas. E a ninguén importa o carriño invisible. Esta escena, poderosa metáfora fílmica do pobo indefenso, nunca sucedeu. Ou si, porque tamén o cine de Serguei Eisenstein éche ‘espello da realidade, e tamén a realidade do espello’.

En cada guerra hai unha nai morta e un carriño cun bebé precipitándose sen axuda polas escaleira do porto de Odessa. Daquela, un bebé orfo. Hoxe todo o pobo de Ucraína: 44 millóns de orfos, arrepiados diante da chegada dos orcos do leste enviados por un escuro ex-oficial do KGB, o tal Putin, nostáxico do imperialismo zarista.

Case douscentos chanzos de dramatismo na película, e de realidade agora na agresión rusa, absurda e inxustificada contra Ucraína, O bebé indefenso, o pobo desvalido enfrontándose á forza bruta de aceiro e pólvora dunha guerra que tardará xeracións de odio e resentimento en apagarse.

O acorazado Potemkin éche unha obra mestra da historia do cine con achádegos técnicos inéditos dun crente na revolución bolchevique e inmenso director Eisenstein. Aquel amotinamento dos mariñeiros contra os oficiais zaristas de 1905 éche agora este amotinamento ucraíno contra as pretensións imperialistas e a nostalgia zarista de Putin.

Día a día a guerra precipítase por chanzos da desesperanza. Devastación masiva e sistemática de estruturas civís. Destrución de carreteras e pontes. Bombardeo de escolas, teatros, hospitais. Arrasamento das casas onde viven os civís que, como en toda guerra, son os que poñen o sangue, a dor, os mortos. Interminables caravanas de refuxiados interiores. Millóns de expulsados fóra. Roubo de centos de miles de toneladas de trigo e millo: arma de guerra que, multiplicando prezos, mata aos famentos nos países máis vulnerables. Saqueo de maquinaria: as mans da riqueza nun país agrario. Douscentos chanzos de guerra e pura maldade que asolagou de sangue o século XX, pero era inimaxinable no século XXI.

A escena dramática da escaleira, filmada hai máis dun século, volve a filmarse cada día nos telexornais polos cámaras da TVE. A guerra, claro, éche a cara descarnada do mal. Sempre un roubo, recorda Eduardo Galeano.

Desde o alto da escaleira de Odessa vemos o interminable éxodo dos refuxiados. El Roto debuxa no primeiro relanzo a todas as nais, a todos os bebés, a todos os mortos: “Os derrotados somos invencibles”.

En cada chanzo, gravadas cun spray de sangue e pólvora, hai pintadas de desolación. Tamén mensaxes de esperanza como as liñas do Preámbulo da Carta da ONU: “Nós, os pobos das nacións unidas, resoltos a preservar ás xeracións vindeiras dos flaxelos das guerras...”.

Lemos agora a pintada que gravou hai 2000 anos Heródoto: “Ninguén é tan necio que prefira a guerra á paz. Na paz, os fillos enterran aos pais. Na guerra, os pais aos fillos”.

Uns chanzos máis baixo, rodeado de corpos, afánase co cincel Platón: “Só os mortos viron o final da guerra”.

Seguimos descendendo, e alí, mollando o dedo con sangue, Plauto escribe: “Homo hominis lupus, non homo, quom qualis, sit not movit”. E ninguén lle pide que traduza, nin falta que fai. O que si cómpre traducir son os versos do enardecido Rubén Darío con caracteres rusos: “Ya se oyen los claros clarines / ... las trompas de guerra que tocan la marcha triunfal”. Están esborrachados con sangue de pintura vermella.

Sentada coa súa soidade, unha rapaza le en voz alta nun libro de Albert Camus: “Cando estoupa a guerra as xentes din: isto non pode durar, é demasiado estúpido. E sen dúbida unha guerra é demasiado estúpida, pero iso non impide que dure. A estupidez, insiste sempre”. Pecha o libro e cala.

Noutro chanzo un pouco máis abaixo alguén pintou margaridas infantís sobre as palabras: “Cando cesa o ruxido da pólvora, as persoas bailan e van ao cine”.

Seguimos baixando e atopamos a un rapaz. Unha bomba arrincoulle un brazo. Agora dispara versos de Miguel Hernández: “Tristes guerras / si no es amor la empresa... / Tristes armas / si no son las palabras...”. Son tan luminosos que escintilan como o ouro do sol que se deita sobre o mar Negro.

Un pouco antes do último relanzo hai outra pintada firmada por un tal E. Hartman: “A guerra éche o lugar onde rapaces que nin se coñecen nin se odian mántanse pola decisión de (putos) vellos que se coñecen e se odian pero nion se matan”. E xusto enfronte “Os exércitos son máquinas de triturar mocidade. Os culpables sempre libran. Os inocentes perecen”. Tamén murren os soldadiños rusos enviados ao matadoiro. Volven a casa en brillantes caixas de cinc. Sálvanse os vellos da nomenclatura, axeonllados diante do tirano nos mármores de Kremlin.

No chanzo final da escaleira de Odessa chora sen bágoas unha velliña. Bisba: “¡Holodomor!, Holodomor!”, ou o asinato por fame de catro millóns de ucraínos, xenocidio perpetrado por Stalin entre 1932-1934.

Paradigmas de descivilización, aquel tirano que ensanguentou o século XX, este tirano nos inicios do século XXI.

¿Cantas xeracións terán que pasar para baldear de odio un país enteiro?.

¿Cantos anos tardaremos en limpar de sangue e mortos a escaleira de Odessa?.

El Acorazado Potemkin, dirixida por Sergei Eisenstein, 1925



Rodado en Lugo. *O bosque do Lobo*: Moscas, brutalidade e supersticións

José Angel Barrueco

Para conmemorar o centenario do nacemento de José Luis López Vázquez eliximos "O bosque do lobo", unha película dentro dunha filmografía que sempre combinou rarezas, vangardas e produtos comerciais. Dirixida por Pedro Olea en 1970 e rodada parte dela na provincia de Lugo, baseada na novela de Carlos Martínez-Barbeito "O bosque de Ancines", é unha obra rompedora e moi interesante que roza os xéneros de terror e drama aínda que percorre máis os territorios da sordidez, o tremendismo e a brutalidade rural.

Inspirada na historia de Manuel Blanco Romasanta, aquel psicópata ao que alchamaron "O Home Lobo de Allariz", diagnosticado con licantrópia clínica, a película segue os pasos de Benito Freire (José Luis López Vázquez aos seus 48 anos), un buhonero ao que coñecen en varias aldeas da Galicia profunda, e con quen moitos manteñen boas relacións, tanto na petición de favores persoais como nos asuntos comerciais. Freire parece un home manso e de natural pacífico, pero ao chegar a certa zona do bosque, e si vai en compañía doutras persoas, sofre unha especie de ataques que o empuxan a asasinálas.

É curioso que, nunha película que segue as andanzas dunha especie de home lobo sen efectos especiais nin caretas, o que máis mova a nosa curiosidade non sexan os crimes deste vendedor ambulante (estrangula ás súas vítimas coas súas propias mans e esas escenas duran apenas uns segundos), senón a contorna aldeá que nos transmite sensacións de pobreza, de inseguridade, de ritos e hábitos relacionados coa morte, os feitizos, a superstición e as artes adivinatorias. Vexamos uns exemplos:

Aos 6 minutos de metraxe, Freire entra nunha casa na que vemos a un morto dentro dun cadaleito sen tapa. Uns cuantos aldeáns camiñan ao redor do féretro, estreitándose as mans como no roda da pataca para escorrentar aos malos espíritos.



